

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 4 de xuño de 2015

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Guerrero Gesteira, Isabel

Muleiro Parada, Luís

Pita Grandal, Ana María

Torres Pérez, Francisco José

Excusan asistencia: Rodríguez Rodríguez, Emma; Araújo Figueroa, Isaac Borja, Gómez Villaverde, Raúl.

Da comezo a reunión ás 12.00 da mañá co seguinte orde do día:

1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.

1º.- A Decana informa sobre a obtención da certificación do SGIC, nos vindeiros días recibiremos a comunicación oficial e, nun acto posterior, farase a entrega física do certificado. Tras falar coa área de calidade, comunícanos que as condicións de uso do certificado figuran no punto 8 da guía certificación ACSUG.

Ademais, procede facer referencia a que o SGIC do Centro está certificado na publicidade que se fai a facer con carácter previo ao período de matrícula. Así mesmo, acórdase facer publicidade de tal feito na web do Centro.

Compromiso: Realizar a publicidade descrita facendo referencia á obtención da certificación.

Prazo: Segunda quincena mes de xuño

2º.- A Decana informa sobre a nova composición de calidade consonte coa nova versión do manual de calidade. Na mesma estaría incluída unha persoa representante do PAS (a elixir entre os PAS pertencentes a Xunta de Facultade); un alumno ou alumna dos mestrados; e unha profesora que servira como enlace coa unidade de igualdade.

3º.- A Decana comenta que chegou o informe de seguimento interno do máster en Dereito de Empresa como non conforme. As alegacións a tal informe trataranse de forma específica no punto 6.

3.- Proposta do calendario de aprobación de guías docentes.

Repártese entre as persoas integrantes da Comisión de Calidade, a proposta con modificacións feitas no día de onte. Dita proposta modificada é aplicable a másteres e graos. As modificacións consistiron no cambio de certas datas.

En relación con esta proposta, nesta Comisión realízanse variacións e correccións técnicas. En concreto –para máis detalle vid. anexo-, modifícanse certas datas relativas a entrega e revisión de guías nos mestrados. Ademais modifícase o procedemento para a aprobación de guías docentes engadindo unha supervisión previa das guías docentes pola comisión de calidade antes da Xunta de Facultade.

Se convocará unha comisión de calidade a principios de xullo con carácter previo a Xunta de Facultade que, posiblemente, se celebrará o 6 de xullo.

Elévase esta proposta modificada á Xunta de Facultade que terá lugar hoxe mesmo 4 de xuño de 2015.

4.- Proposta de nova solución para os casos de coincidencia de datas de exame.

Propónse variar o punto 7 da normativa interna de calidade no que atinxe ao procedemento de cambio de exame. Acórdase que o profesor/a que deberá fixar unha data alternativa sexa o do curso inferior.

Apróbase por unanimidade.

5.- Toma de coñecemento do Plan de accións de mellora do Máster en Dirección e Xestión Laboral.

A Decana informa que ao ser un mestrado interuniversitario no que a universidade coordinadora é a USC, o que se trae a esta comisión é o Plan de mellora para o seu coñecemento polas persoas integrantes desta Comisión de Calidade. Así mesmo infórmase que, no seu momento, darase conta do Informe final favorable de acreditación desta titulación.

6.- Aprobación, se procede, das alegacións ao informe do Máster en Dereito de Empresa.

Tráense, para a súa aprobación, as alegacións ao informe provisional do MDE feito a nivel interno. O resultado deste informe foi non conforme.

Apróbase por unanimidade.

7.- Rolda de intervencións.

A Decana propón a delegación da Comisión para poder solicitar da Área de calidade da Uvigo, informacións sobre as persoas que integran o plantel de avaliadores internos de calidade; e os criterios de selección das mesmas.

Apróbase tal delegación.

Levántase a sesión as 12:50 horas de día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez
Coordinador de Calidade

Ana María Pita Grandal
Decana